

EXEMPLO DE COMENTARIO DE TEXTO

1. Introducción

Atopámonos ante un texto de Manuel Vicent, publicado en *El País* o 29 de marzo de 2020, no que se reflexiona sobre a cancelación dos desfiles das Forzas Armadas no marco da crise sanitaria provocada pola Covid-19. A continuación imos realizar un comentario de texto sobre el.

2. CLASIFICACIÓN DO TEXTO

Este texto de Manuel Vincent é un texto argumentativo, xa que o autor expón unha idea e a sustenta a través de contrastes e imaxes impactantes. Asimesmo, como xa comentamos na introdución deste comentario, **é un texto de xénero non literario**, xa que se trata dun texto xornalístico.

O autor, Manuel Vicent, publica no diario El País o texto **está enmarcado nun momento histórico crítico, o 2020, durante a pandemia causada polo virus Covid-19**. Este contexto é fundamental para comprender o cambio de valores que se propón.

3. ESTRUCTURA EXTERNA

Se falamos de linguaxe e estilo, neste texto o autor combina elementos formais e coloquiais, utilizando figuras literarias como metáforas (por exemplo, “desprega a súa cola de pavón”) e hipérboles (como “o público encherá de aclamacións a esta tropa heroica”) que amplifican o carácter crítico e irónico do texto.

En relación á súa sintaxe e léxico, vemos que o texto alterna frases curtas e longas, facilitando a lectura pero tamén permitindo enumeracións que enfatizan a mensaxe. O léxico é rico, empregando tanto termos técnicos relacionados co armamento como expresións máis coloquiais para subliñar a ironía.

No tocante aos recursos expresivos, como dicimos, destacamos a ironía como estilo que predomina en todo o texto, e tamén as comparacións: o autor contrapón a tradicional ostentación militar coa inesperada "vitoria" da ciencia fronte á pandemia, resaltando a disparidade entre o pasado glorioso e a realidade actual.

4. ESTRUCTURA INTERNA

O tema deste texto é a cancelación dos desfiles das Forzas Armadas como símbolo dunha transformación social fronte a unha crise global sanitaria.

Se tivéssemos que resumilo, diríamos que o texto comeza afirmando que, en ningunha cidade do planeta se realizarán os tradicionais desfiles militares no 2020, citando lugares emblemáticos. A descrición detalla como estas paradas, repletas de orgullo e ostentación, son substituídas pola emerxencia dunha crise sanitaria. O autor destaca que, fronte a armas sofisticadas, a Covid-19 demostrou ser un ente invisible pero poderoso, impulsando a necesidade de honrar os verdadeiros heroes: os científicos e traballadores esenciais.

Desta maneira, o autor establece unha introdución na que nos presenta a situación, un desenvolvemento no que aparece unha descrición contrastada do típico desfile militar fronte á inesperada realidade imposta pola pandemia e unha conclusión na que se aplaude o compromiso e colaboración de traballadores esenciais para a nosa sociedade, sinalando a mudanza na visión social sobre o que é ou non importante.

O autor **pretente demostrar** que o poder militar e a ostentación tradicional non son efectivos fronte a desafíos reais. En cambio, subliña a necesidade de valorar a ciencia, a solidariedade e o compromiso cívico, que resultan máis relevantes para afrontar as crises actuais.

5. VALORACIÓN PERSOAL

Desde unha perspectiva persoal, considero que o texto é moi actual e reflexivo. Precisamente neste momento, no que nos atopamos nunha etapa de rearme a nivel global, cabe preguntarnos pola verdadeira importancia da defensa nun contexto no que a sociedade sofre por moitas outras cuestións de gran relevancia: o acceso a unha sanidade e unha educación públicas e de calidade, a dificultade para acceder a unha vivenda digna, o problema da inflación...

Manuel Vicent logra transmitir, a través dunha linguaxe impactante e cunha estrutura ben definida un cambio de paradigma na percepción dos valores sociais que se produciu en 2020 pero que parecemos ter esquecido en tan só cinco anos. Esta reflexión fáisenos actual xa que nos convida como lectores a repensar as nosas prioridades, así como o que significa realmente ser forte e a importancia da colaboración e a solidariedade en tempos de crise.